


GALERÍA MULLERES

XANEIRO 2018



Na Biblioteca da Muller do Concello de Muxía podes atopar libros sobre artistas femininas e sobre arte e xénero

Nancy Spero

(Cleveland, 1926 - New York City, 2009). Artista recoñecida internacionalmente tanto pola súa obra, radical e contemporánea, como polo significado da súa loita pola igualdade

Comprometida con colectivos antirracistas, pacifistas, e feministas, Nancy Spero é unha das pioneiras da arte feminista e da militancia política do Nova York dos sesenta e setenta.

Cunha forte experiencia da dor por mor da enfermidade dexenerativa que sofre desde moi nova, o seu traballo está a metade de camiño entre o literario e o pictórico. Na década dos 50 casou co pintor Leon Golub, co que compartiu todo ata a súa morte. Xuntos emigraron a Europa. A mediados dos anos 60 volven a EEUU, onde Nancy abordou a súa oposición á guerra de Vietnam, **establecendo paralelismos coa súa marxinación no mundo da arte pola súa condición de muller**. O compromiso feminista levouna a renunciar ao uso do lenzo como soporte das súas obras, ao consideralo un medio eminentemente masculino, e é que unha das súas loitas foi contra o mundo da arte institucionalizado que negaba visibilidade ás mulleres artistas. Esta alienación levaríalle, anos despois, a asociarse con varios colectivos de mulleres artistas e a **fundar a primeira galería-cooperativa de mulleres no Soho de Nova York**.

A súa preocupación pola posición da muller transcende o seu propio país, **interesándose pola condición feminina noutras partes do mundo. O seu compromiso político converteuse tamén en centro do seu traballo artístico** con obras nas que daba renda solta á repugnancia que sentía pola guerra.

Dez anos despois, Nancy Spero concéntrase na **denuncia dos malos tratos que sofren as mulleres**. Deses época xorden obras como 'Torture of Women' (1976), na que combina imaxes estremecedoras con textos que aluden ás atrocidades que se cometían nos réximes ditatoriais suramericanos.

A finais dos anos 80 inclínase por eliminar as diferenzas entre a obra e o espazo en que se exhibe e obriga ao espectador a participar de maneira activa fronte a traballos exuberantes e cheos de movemento. O corpo da muller pasa a ser practicamente o único obxectivo do seu traballo mediante reflexións conceptuais que aluden ao sexo e á política. **Sen dúbida, a obra de Nancy Spero posúe unha vontade política**; con todo existe nela, ademais, unha **dimensión arcana**, na que os mitos e os misterios ancestrais interrelaciónanse co discurso social. Símbolos e signos de civilizacións antigas, xeroglíficos e elementos poéticos mestúranse coas imaxes do presente e a denuncia.



CONCELLO DE MUXÍA